



A Comisión de Informes do Consello do Turismo de Galicia, reunida en sesión ordinaria o 19 de setembro de 2013, por delegación do Pleno do Consello do Turismo de Galicia, 13.05.2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o *“Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e de viaxe compartido nos ámbitos metropolitanos de A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense”*,

“ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remitiu, o 2.07.2013, o *“Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense”* para a emisión do preceptivo informe, coa seguinte documentación:

Volume 1

DOC I.- PSAD Memoria

DOC II.- PSAD Ferrol

DOC III.- PSAD A Coruña

DOC IV.- PSAD Santiago de Compostela

DOC V.- PSAD Pontevedra

DOC VI.- PSAD Vigo

DOC VII.- PSAD Lugo

DOC VIII.- PSAD Ourense

DOC IX.- PSAD Informe de Sostenibilidade Ambiental

CONSIDERACIÓNS

1. Sométese a informe o citado plan ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 c do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as súas funcións a emisión de informes con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral.

Por acordo do Consello da Xunta do 5.07.2012 declárase a incidencia supramunicipal do Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, para os efectos previstos polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2. O Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, ten a finalidade, tal e como o establece la Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, regular a implantación territorial de solo destinado, entre outros, a dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características, ou que se asentén sobre varios termos.

3. O Plan propón os seguintes obxectivos:

A) Xeral: diminuír o número de veh-km que se realizan en vehículo privado nos accesos ás diferentes capitais metropolitanas. Así, non se trata tanto de diminuír o número de desprazamentos en coche como a súa lonxitude. De este modo consiguese unha diminución do consumo de combustible, emisións contaminantes e un aforro do tempo de traxecto.

B) Operativos.

Para acadar este obxectivo xeral, o plan establece os seguintes obxectivos operativos:

- Localizar emplacements susceptibles de facilitar o intercambio modal.

- Potenciar o **car-pool** nos aparcamentos de intercambio modal e plantexar espazos que de forma experimental se destinen de forma prioritaria ó viaxe en coche compartido.

- Definir o sistema de xestión e explotación máis adecuado para os aparcamentos.

- Propoñer actuacións complementarias para potenciar o seu uso: sinalización, modificacións na oferta de transporte público, tarificación conxunta vehículo privado-transporte público, etc.

4. As necesidades do sector turístico non foron analizadas en profundidade, o plan orientase aos desprazamentos habituais con orixe-destino nos núcleos urbanos.

5. A proposta dun plan e a execución é moi positiva. As consecuencias de desconxestión do tráfico, menor contaminación e eficiencia do sistema de transportes son moi positivas.

6. Desde o punto de vista turístico os obxectivos que debe ter en conta o plan son dous: liberar as áreas e puntos de interese turístico de vehículos que impiden gozar da experiencia turística e facilitar a accesibilidade dos turistas ás áreas de interese turístico.

7. A participación das corporacións locais complementando o plan é fundamental para ter éxito.

8. Para o cumprimento do primeiro obxectivo este plan debe complementar as súas actuacións con una actuación decidida dos concellos de cara a peatonalización dos cascos históricos e máxima restrición ao acceso de vehículos, así como liberar aos puntos de interese turístico da presenza de vehículos. Esta medida, xunto coa restrición ao estacionamento en superficie nos núcleos urbanos das cidades, permitirá facer necesario e economicamente viable os aparcamentos disuasorios en orixe, no itinerario e en destino.

9. Para o cumprimento do segundo obxectivo se debe facilitar nos aparcadoiros e en todas as paradas do bus urbano e interurbano a hora exacta do paso do bus por cada parada, (práctica implantada desde hai décadas na maior parte das cidades dos países desenvolvidos).

10. O investimento previsto non é especialmente elevado, polo que a súa execución pode realizarse con facilidade, especialmente atendendo aos emprazamentos propostos que esixen un investimento mínimo.

11. Debe prestarse unha especial atención ao acondicionamento, convertendo estas áreas en lugares de escaso impacto visual, polo que se propón unha intensa plantación de especies vexetais.

12. Polo Consello do Turismo de Galicia realízanse as seguintes observacións:

- Na execución dos aparcadoiros deberá terse en conta a integración paisaxística, polo que se propón unha intensa plantación de especies vexetais tanto no perímetro do aparcadoiro como dentro do mesmo.

- Recoméndase establecer acordos cos concellos para: a) liberar as áreas e puntos de interese turístico de vehículos que impiden gozar da experiencia turística e facilitar a accesibilidade dos turistas a esas áreas, coa adopción de medidas tales como a peatonalización dos cascos históricos e puntos de interese turístico, b) contemplar a información da hora exacta do paso do bus por cada parada do aparcadoiro.

Por todo o exposto, a comisión de informes do Consello do Turismo de Galicia, por delegación do Pleno acordada na sesión do 13.05.2013, acorda

INFORMAR

Favorablemente o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense”, sometido ás observacións realizadas.”